

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE MARZO DE 2023

Ás 12:15 horas do día 8 de marzo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 3 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 1a, 2d, 4d e 7)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2c, 4c e 14)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2a e 4a)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 2b e 4b)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 5a, 6a e 10)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 5b e 6b)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

Dáse conta do escrito presentado por SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L. o 27 de febreiro de 2023 (documento nº 230052725) contra o acordo da Mesa de Contratación de data 23 de febreiro poo que se lle exclúe deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

Dáse conta da resolución nº 29/2023, do 16 de febreiro, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestiman os recursos interpostos pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (recurso 16/2023) e pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESA DE LIMPEZA -ASPEL- (recurso 17/2023) contra os pregos desta licitación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 23 de febreiro de 2023.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. COMBINA SOCIAL, S.L.
 2. INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L.
 3. INTEGRACION DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.
 4. INTEGRACION SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, S.L.
 5. OSGA, S.L.
 6. PREMIATSU, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
 2. JUAN PABLO RIVAS PIRES
 3. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.
- b) Non admitir neste procedemento a REGALA MÚSICA, S.L. por ter desvelado o segredo da súa oferta antes do momento da apertura ao incorporar a súa proposición económica no Sobre A, non axustándose aos requisitos de presentación recollidos na cláusula 14 do PCAP e podendo influír na ponderación do xuízo técnico na valoración do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" (artigo 139 da LCSP e cláusula 15 do PCAP e resolución nº 574/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de 23 de maio de 2019, entre outras). En calquera caso, o prezo ofertado polo licitador conlevaría a súa exclusión do procedemento por exceder do orzamento base de licitación (cláusula 14.2c do PCAP).

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.
 2. UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, S.L. - NORINTEGRA, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)
 3. ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.
 4. SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, S.A.U.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral



e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a IMATIA INNOVATION, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 23 de febreiro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11.873-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 1 de marzo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE	Comprométese a incrementar os coidadores/as de barrio esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP (si/non) en (nº) coidador/es/as
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	1.666.078,46	Si, 1 coidador

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En aplicación do previsto no apartado 7D do Anexo I -FEC- e da cláusula 18 do PCAP a Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados polo que outorga ao licitador a máxima puntuación de conformidade coa cláusula 16.3 por ser o único admitido:

	Licitador	Prezo sen IVE	Comprométese a incrementar os coidadores/as de barrio esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP (si/non) en (nº) coidador/es/as
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	35 puntos	20 puntos
Puntuación total			55 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	31 puntos	55 puntos	86 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11.873-224)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% desconto a aplicar ao prezo unitario	Incremento da experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores da esixida no apartado 5F	Incremento da formación en materia de Igualdade entre mulleres e homes e Prevención e Atención da violencia de xénero dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores da esixida no apartado 5F
1	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	14,60%	1	4
2	APAIOGA- ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES GALEGA	3,935%	4	3
3	FOROX INNOVACION, S.L.	18,77%	4	4
4	GARBOANDGARDNER, S.L.	15,00%	4	4



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste público á apertura D^a. Paula Cerqueira Mallo, con DNI ****.*36.47***, en representación de FOROX INNOVACION, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 27 de febreiro de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	86 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-”.



11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frián-Teis" (1.338-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frián-Teis" (1.338-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO NO C.E.I.P. FRIAN-TEIS", redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS CINCUENTA E UN MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS (451.517,26 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 78.362,50 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.60 (Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frián), proxecto de gasto 22323061. Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	262,925.36 €
2023	188,591.90 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 71,73%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frian-Teis" (1.338-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	SOTEGA NOROESTE, S.L.	71.00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOTEGA NOROESTE, S.L. (B-36.518.231), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOTEGA NOROESTE, S.L., o día 9 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de febreiro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao licitador para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de marzo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOTEGA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOTEGA NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xaneiro e 3 de febreiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SOTEGA NOROESTE, S.L. (B-36.518.231) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frián-Teis" (1.338-441) por un prezo total de 433.456,57 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 75.228,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:16	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA54C-E5A92A-DE49E8-A5WT7R-G9Q2K9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

